

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVO Á UNIDADE DOCENTE DE ENFERMERÍA OBSTÉTRICO – XINECOLÓXICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 02.12.2019 coa Universidade de Santiago de Compostela (CI-USC) o convenio arriba referido por un período de vixencia de catro anos a partir da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais salvo denuncia expresa dalgunha das partes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o réxime de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para garantir o desenvolvemento do programa de formación da especialidade de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica, de conformidade co establecido pola Orde SAS/1349/2009, do 6 de maio, pola que se aproba e publica o programa formativo da especialidade de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica, así como a coordinación do funcionamento da Unidade Docente de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica da Comunidade Autónoma, cuxa titularidade asume o Servizo Galego de Saúde.

Para o desenvolvemento da súa actividade a unidade docente contará na súa composición cos dispositivos asistenciais de atención hospitalaria e atención primaria pertencentes ao Servizo Galego de Saúde, relacionados no anexo I, nos que se desenvolverá a actividade asistencial práctica dos/as futuros/as especialistas, e coa Universidade de Santiago de Compostela como dispositivo no que se desenvolverá a formación teórica da especialidade, segundo o establecido no programa da mesma.

Aos efectos do financiamento do programa formativo teórico e da coordinación da unidade docente de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica de Galicia, do que se responsabilizará a Universidade de Santiago de Compostela, a sinatura do presente convenio implica a concesión directa dunha axuda ao seu favor.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Tanto a Consellería de Sanidade coma o seu organismo autónomo, o Servizo Galego de Saúde, veñen colaborando tradicionalmente no desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde.

Así mesmo, é de interese común do Servizo Galego de Saúde e da Universidade de Santiago de Compostela a formación nas Ciencias da Saúde, nas súas diferentes etapas en tanto que, ambas as dúas partes teñen como función básica a prestación dun servizo público á sociedade. Neste caso, a través do

presente convenio séntanse as bases para canalizar as necesarias relacións de colaboración que deben existir entre os distintos dispositivos da Unidade Docente, a fin de proporcionar aos/ás residentes en enfermería obstétrico-xinecolóxica, unha formación integral, completa e adaptada tanto á realidade técnica, profesional e social actual, como aos cambios que se poidan producir ao longo do seu período de formación.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

